



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA
GRAO EN ENFERMARÍA

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Aprobado en Xunta de Centro Ordinaria o 16 de Decembro de 2009

REGULAMENTO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

1.- Definición do traballo

O Traballo de Fin de Grao (6 ECTS) realizarase no segundo cuatrimestre do cuarto curso de Grao de Enfermaría. Consiste na realización e defensa, por parte do estudante, dun traballo individual tutelado no que se apliquen e desenvolvan os coñecementos e competencias adquiridas durante o periodo de docencia do Grao.

O Traballo de Fin de Grao pretende posibilitar a preparación para o exercicio profesional e para a iniciación científica. O estudante debe profundizar en temáticas próximas o seu interese coa orientación de docentes que actúan na mesma área.

O Traballo de Fin de Grao deberá versar fundamentalmente sobre temas e aspectos da profesión enfermeira.

2.- Obxectivos

Son obxectivos xerais do Traballo de Fin de Grao:

- Desenvolver as competencias do Grao en Enfermaría.
- Capacitar, de acordo aos estudos de Grao, na búsqueda, xestión, organización e interpretación da información relevante.
- Desenvolver un pensamento e xuício crítico, lóxico e creativo.
- Capacitar para utilizar as mellores evidencias científicas dispoñibles para proporcionar cuidados de enfermaría
- Formular, diseñar e xestionar proxectos.
- Permitir ó estudante profundizar en temáticas enfermeiras próximas o seu interese.

3.- Requisitos para a realización e a avaliación

O Real Decreto 1393/2007, do día 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios oficiais, no artigo 12, o apartado 7 fai referencia a: *“O traballo de Fin de Grao deberá realizarse na fase final do Plano de Estudos e estar orientado á avaliación de competencias asociadas ao Título”*. Co obxectivo de asegurar esta avaliación de competencias do Grao de Enfermaría cada Traballo será dirixido e titorizado por un máximo de dúas persoas e, ao menos, unha delas deberá pertencer a Área de Enfermaría (cód. 255) do Departamento de Ciencias da Saúde.

Tódolos profesores dos estudos de Grao en Enfermaría poderán participar na titorización do Traballo de Fin de Grao. Os profesores que non pertencen a Área de Enfermaría deberán acollerse a opción de realizar unha co-titorización con un membro docente da devandita área.

No caso de que o tutor sexa un profesor sen docencia no Grao de Enfermaría, un investigador adscrito a algún Departamento da Universidade de A Coruña ou un profesional do sector

sanitario en exercicio tamén deberá levarse a cabo unha co-tutorización con un membro docente da Área de Enfermaría (255).

Cada tres traballos tutelados restarán 10 horas do POD do profesor no vindeiro curso académico, según consta no aprobado no Consello de Goberno do 27 de marzo de 2009: *“Referente ao proxecto fin de grao, pode utilizarse como referencia o establecido actualmente na UDC para os proxectos fin de carreira, cun cómputo de 10 horas presenciais por cada 3 proxectos dirixidos”.*

Coa finalidade de asignar os profesores tutores do Traballo de Fin de Grao aos alumnos/as, os profesores achegarán as temáticas e o número de traballos que estarían dispostos/as a dirixir nun prazo determinado.

De igual modo, e co obxectivo de que os estudantes participen neste proceso, deberán achegar aqueles temas que resulten de seu interese no mesmo prazo. Previo envío e coñecemento das propostas realizadas por ambos colectivos a título informativo, se instará ao alumnado do 4º de Grao a que se poña en contacto co profesor que estime mais axeitado para concretar o proxecto nun prazo establecido pola Dirección do Centro.

Se, ao remate do prazo, as propostas presentadas polo profesorado non foran suficientes será obrigatorio a tutorización dun Traballo de Fin de Grao (mínimo) por todos e cada un dos docentes da titulación e as asignacións dos tutores/as corresponderán á Comisión de Docencia e Validacións.

Concretados os puntos anteriores deberase cumprimentar o documento recollido no **Anexo I, Proposta do Traballo de Fin de Grao**, que será entregado na Administración do Centro a través de rexistro no prazo establecido.

O Traballo de Fin de Grao só poderá ser realizado cando o estudante de cuarto de Grao en Enfermaría teña superado cando menos 180 ECTS, incluídos todos os da primeira metade do plan de estudos de Grao de Enfermaría.

4.- Elaboración do traballo

4.1.- Temática.- O Traballo de Fin de Grao versará fundamentalmente sobre temas e aspectos da profesión enfermeira e deberá adscribirse as liñas do profesor/es tutor/es de Enfermaría do Traballo de Fin de Grao.

De xeito individual cada estudante deberá optar entre os campos temáticos seguintes para enmarcar o Traballo de Fin de Grao que se dispoña a desenrolar:

Bloque I: Práctica profesional, ética e legal.

Bloque II: Educación e bases teóricas e metodolóxicas da Enfermaría.

Bloque III: Prestación e xestión de coidados de Enfermaría nos distintos ámbitos da práctica.

Bloque IV: Comunicación terapéutica e relacións interpersonais

4.2.- Instruccións para a elaboración dun Traballo de Fin de Grao.

O alumnado deberá realizar o traballo cun formato na seguinte estrutura o similar:

Portada/Título /Índice
Resume e palabras clave
Introducción
Materiais e Métodos
Resultados
Discusión
Conclusións
Agradecementos
Bibliografía referenciada según o tipo do traballo.
Apéndices

Consideracións para o/a estudante que incidirán na calidade do traballo:

- Respetar ás normas de protección de datos.
- Realizar unha búsqueda exhaustiva da información a tratar.
- Incluir citas bibliográficas recogidas en bases de datos científicas e revistas con factor de impacto.
- Evitar, se posible, citas que non sean exclusivamente científicas: notas de prensa, revistas de divulgación e outros.

4.3- Tutoría.- As funcións do/a titor/a (s) serán as de asesorar ó alumnado na definición do traballo, no desenvolvemento das súas etapas, no esquema de traballo e na xestión do tempo.

De xeito máis concreto, estas funcións serán:

- Asesoramento na estrutura, nos métodos de investigación, no acceso ás fontes documentais e na redacción do traballo.
- Establecemento de datas de entregas parciais do traballo.
- Asesoramento na presentación, exposición e defensa do traballo.

5.- Presentación e entrega do traballo

O Traballo de Fin de Grao deberá presentarse de forma individual e baixo a dirección do/s titor/es. O traballo poderá estar redactado en galego ou castelán.

Formato

Os traballos contarán cunha extensión mínima de 12 páxinas en formato A-4. O tamaño da letra será uniforme en todo o texto (arial 12 puntos) e o interliñado utilizado será de 1'5.

As marxes axustaranse ás seguintes dimensións: superiores e inferiores de 3 cm, lateral esquerdo de 4 cm e lateral dereito de 3 cm.

O texto debe estar paxinado, centrando os números na marxe inferior.

No pé de páxina debe incluírse o título do traballo, que non ocupará máis dunha liña. En caso de títulos longos que ocupen máis dunha liña, incluírse un título abreviado.

O documento do Traballo de Fin de Grao incluírá obrigatoriamente:

- a. Portada do Traballo de Fin de Grao.- Realizarase cumprimentando o **Anexo II, Portada do Traballo de Fin de Grao**.
- b. Folla de Documentación do Traballo Fin de Grao.- Recollerá todos os datos académicos do alumnado. Realizarase cumprimentando o **Anexo III, Folla de Documentación do Traballo Fin de Grao**, que incluírá un resumo do traballo (máximo 100 palabras en calquera dos idiomas utilizados). Esta folla recollerá, con posterioridade a defensa e avaliación do traballo, a cualificación obtida certificada mediante sinatura do/a secretario/a académico/a e selo da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía.
- c. Informe de idoneidade do/a titor/a.- O/a titor/a debe cumprimentar o **Anexo IV, Informe do/a titor/a**, donde acredite a idoneidade do Traballo de Fin de Grao para a súa exposición e defensa pública e avaliación.

O documento do Traballo de Fin de Grao tamén poderá incluír:

- d. Figuras.- Serán citadas no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada figura irá numerada na orde de citación no texto e acompañada dun pe de figura no que se explique brevemente o que se pretende ilustrar.
- e. Táboas.- Ó igual que as figuras, citaranse no texto e a súa inclusión debe estar plenamente xustificada. Cada táboa irá numerada, independentemente das figuras, na orde de citación no texto e se acompañará dun breve título ilustrativo.
- f. Abreviaturas.- Deben especificarse só a primeira vez que se utilizan no texto.

Encadernación

Coa finalidade de homoxeneizar o formato do Traballo e facilitar o seu almacenamento na Biblioteca –ou espazo similar- deberase presentar coa encadernación xa establecida segundo o modelo CHANNEL, con tapas en formato brando para encadernación e con tapa de cor azul.

Entrega

O estudante deberá entregar unha copia do traballo finalizado conxuntamente co informe de idoneidade asinado polo/s titor/es na Administración do centro, a través do rexistro. Tamén deberá remitir ao enderezo do/s titor/es do Traballo de Fin de Grao unha copia en formato electrónico.

A data límite de entrega será o día de remate das actividades docentes e inicio do periodo de avaliación do 2º cuatrimestre.

6.- Defensa e avaliación dos traballos

6.1.- Tribunal Avaliador.-

A avaliación do traballo efectuarase no periodo académico previsto, mediante a exposición e defensa do mesmo en acto público, ante os Tribunales Avaliadores correspondentes.

A Comisión de Docencia e Validacións seleccionará, entre tódolos docentes dos estudos de Grao de Enfermaría, aos membros de cada tribunal avaliador que estará formado por: Presidente/a (Director/a da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía) ou persoa na que delegue, Secretario/a (Secretario Académico da Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía) ou persoa na que delegue, Vocal 1, Vocal 2 e Vocal 3. Os vocais nombrarásen entre os profesores con docencia no Grao de Enfermaría intentando que o perfil sexa próximo a temática dos traballos presentados

O titor formará parte do tribunal avaliador con voz pero sin voto.

Nombrarásen dous membros suplentes.

O Presidente do Tribunal Avaliador moderará a exposición oral do traballo.

O Secretario se encargará de que a **Acta de Defensa e Avaliación** (Anexo V) esté debidamente cumprimentada.

Poderá existir máis dun tribunal ao mesmo tempo.

6.2.- Convocatoria para a defensa e avaliación do traballo.

A Secretaría Académica convocará ó Tribunal Avaliador para a defensa do traballo, que terá lugar nos dez días posteriores ó remate da actividade docente e inicio do periodo de avaliación do 2º cuatrimestre. Asimesmo, fará público, cunha antelación mínima de 5 días naturais, o lugar, o día e a hora da defensa do traballo.

6.3.- Criterios de Evaluación.-

Serán propostos, debatidos e consensados na Comisión de Docencia e Validacións coa súa posterior publicación.

6.4.- Defensa e avaliación do traballo.- Consistirá na exposición oral do traballo durante un tempo máximo de 10 minutos, no que se dará conta dos aspectos máis relevantes da actividade realizada. O alumnado poderá axudarse dos medios informáticos e audiovisuais que estime pertinente.

A exposición oral será en galego ou castelán. Tras a exposición, o Presidente invitará ós membros do tribunal a formular durante cinco minutos as preguntas e solicitar as aclaracións que consideren oportunas para poder xuzgar a calidade do traballo. Finalmente, o Tribunal deliberará e procederá a dar a cualificación que se trasladará á Acta da Defensa e Avaliación.

6.5.- Cualificación.- A cualificación numérica poderá alcanzar o valor máximo de 10, con expresión dun decimal, e se acompañará da súa correspondente cualificación cualitativa:

0 - 4,9: Suspenso (SS).

5,0 - 6,9: Aprobado (AP).

7,0 - 8,9: Notable (NT).

9,0 - 10: Sobresaliente (SB).

No caso de declararse non apto (cualificación numérica inferior a 5), o Presidente do Tribunal fará chegar ó/á alumno/a e ó/á titor/a as recomendacións que considere oportunas. O alumnado poderá presentar na segunda convocatoria oficial de avaliación (mes de xullo) o traballo debidamente modificado, para a súa nova avaliación.

En casos xustificados, o Tribunal poderá solicitar á Comisión de Docencia e Validacións, mediante escrito razoado, a retirada do traballo.

O Secretario do Tribunal cumprimentará e asinará a correspondente Acta de Cualificación, que se fará pública antes de que transcurran 48 horas dende a defensa do traballo.

6.6.- Acta da defensa e avaliación.- O Secretario do Tribunal Avaliador cumprimentará a acta da defensa e avaliación, que recollerá os datos pertinentes. A mencionada acta será entregada na Administración do centro unha vez finalizada a actuación do Tribunal.

Realizarase cumprimentando o **Anexo V, Acta da defensa e avaliación**. O/A Secretario/a Académico/a certificará as calificacións finais e as publicará nos taboleiros oficiais do centro - nun listado a través da identificación mediante o número do DNI do estudante-.

O profesor/es responsables da materia ou o Secretario Académico será/n a/os encargada/os de introducir as calificacións dos Traballos de Fin de Grao nas actas académicas nos prazos oficiais establecidos.

6.7.- Reclamación e revisión das calificacións.- Os estudantes terán dereito á revisión das avaliacións. Para este fin, deberán presentar unha solicitude razonada da revisión da calificación obtida na Administración. O prazo máximo da presentación da reclamación será de 5 días a partir da publicación da avaliación.

A Comisión de Docencia e Validacións deberá arbitrar o procedemento específico que considere adecuado para resolver cada reclamación de xeito imparcial. En calquera caso, este procedemento sempre deberá incluír como mínimo a un/unha profesor/a membro do tribunal e ao/á titor/a do traballo.

Dita resolución deberá publicarse nun prazo máximo de 10 días dende a data de interposición da reclamación.

ANEXO I.

PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

TRABALLO DE FIN DE GRAO – Curso académico 20__-20__

PROPOSTA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

DATOS DO/A ALUMNO/A:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Enderezo: _____

Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

Título do Traballo de Fin de Grao: _____

O/A TITOR /A 1:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

O/A TITOR /A 2 (OPCIONAL):

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

ACEPTA/N a dirección deste Traballo de Fin de Grao.

Visto e prace
O/A titor/a:

Asdo.: _____

Asdo.: _____

A Dirección da E. Universitaria de Enfermaría e Podoloxía , na súa sesión de / / , aprobou esta proposta de Traballo de Fin de Grao.

O/A Secretaría Académica

Selo da Escola

Asdo.: _____

ANEXO II.

PORTADA DO TRABALLO DE FIN DE GRAO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

GRAO EN ENFERMARÍA

Curso académico 20__-__

TRABALLO FIN DE GRAO

Título (Arial 18, negriña, minúsculas, interliñado 1,5)

Nome e apelidos (Arial 14, negriña, minúsculas)

Data de presentación do traballo (Arial 12, negriña, minúsculas)

ESCOLA UNIVERSITARIA DE ENFERMARÍA E PODOLOXÍA

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

ANEXO III.

FOLLA DE DOCUMENTACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO



FOLLA DE DOCUMENTACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO

Grao en Enfermaría

Escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía

Universidade da Coruña

Curso académico:

Data da defensa e avaliación: ____ / ____ / ____

Título do traballo:

DATOS DO ESTUDANTE:

Nome e apelidos:

DNI (ou pasaporte):

Enderezo postal:

Teléfono:

Enderezo electrónico:

DATOS TITOR/ES:

Nome e apelidos:

Nome e apelidos:

RESUMO DO TRABALLO DE FIN DE GRAO (máximo 250 palabras, Arial 10, interliñado 1)

(Apartado a cubrir pola Secretaría Académica)

CALIFICACIÓN: _____

Ferrol, a ____ de _____ de 20 ____

O/A Secretario/a Académico/a

Selo da Escola Universitaria de Enfermaría e
Podoloxía

Asdo.: _____

ANEXO IV.

INFORME DO/A TITOR/A



TRABALLO DE FIN DE GRAO – Curso académico 20__-20__

INFORME DO/A TITOR/A**DATOS DO/A ALUMNO/A:**

Apelidos: _____ Nome: _____ DNI: _____

Título do Traballo: _____

TITOR /A:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

TITOR /A:

Apelidos: _____ Nome: _____

DNI/Pasaporte: _____ Teléfono: _____ Enderezo electrónico: _____

INFORMA QUE este Traballo de Fin de Grao merece a seguinte valoración:

VALORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO					
	EXCELENTE MATRÍCULA DE HONRA 10	MOI BO SOBRESALIENTE 9 - 10	BO NOTABLE 7 - 8.9	REGULAR APROBADO 5 - 6.9	DEFICIENTE SUSPENSO 0 - 4.9
ORIXINALIDADE	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
OBXECTIVOS/ COMPETENCIAS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
METODOLOXÍA	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
RELEVANCIA E RESULTADOS	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

OBSERVACIÓNS E COMENTARIOS: De ser o caso, achego unha folla complementariaO/A TITOR/A CONSIDERA QUE ESTE TRABALLO REÚNE OS REQUISITOS NECESARIOS PARA A SÚA DEFENSA SI NON

Ferrol, a _____ de _____ de 200__

Asdo.: _____ Asdo.: _____

SECRETARÍA ACADÉMICA

ANEXO V.

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN



TRABALLO DE GRAO – Curso académico 20__-20__

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN

O Tribunal constituíuse ás _____ horas do día ____ / ____ / ____ cos seguintes membros:

Presidente/a _____
Secretario/a _____
Vogal 1º: _____
Vogal 2º: _____
Vogal 3º: _____
Titor _____

O Presidente inicia a sesión ás _____ horas para a avaliación do Traballo de Fin de Grao do/a
alumno/a: _____

ACTA DA DEFENSA E AVALIACIÓN

VALORACIÓN DO TRABALLO DE FIN DE GRAO					
	EXCELENTE MATRÍCULA DE HONRA 10	MOI BO SOBRESALIENTE 9 - 10	Bo NOTABLE 7 - 8.9	REGULAR APROBADO 5 - 6.9	DEFICIENTE SUSPENSO 0 - 4.9
ORIXINALIDADE					
OBXECTIVOS E COMPETENCIAS					
METODOLOXÍA					
RELEVANCIA E RESULTADOS					
ESPOSICIÓN E DEFENSA					

O TRIBUNAL otorga a seguinte cualificación:	NUMÉRICA:	CUALITATIVA:
---	-----------	--------------

Ferrol, a ____ de _____ de 20__

O/A Presidente/a

O/A Secretario/a

Vogal 1º

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Vogal 2º

Vogal 3º

Titor/es

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Asdo.: _____

Selo da escola Universitaria de Enfermaría e Podoloxía

SECRETARÍA ACADÉMICA